



Xogade

XOGANDO CO VENTO

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1.- DESCRIPCIÓN

A Secretaría Xeral para o Deporte, no seu programa Xogade, programa tres actividades náuticas, que nacen para dar cabida a un conxunto de proxectos que se veñen desenvolvendo en diferentes puntos da nosa xeografía coa finalidade de achegar aos escolares galegos a un medio tan importante para a nosa Comunidade Autónoma como é o MAR. A colaboración neste proxecto concrétase no seguro de accidentes gratuito tanto para os deportistas, como para os monitores que acompañen aos participantes.

O denominador común destes proxectos será o emprego do mar, do vento e da vela como instrumentos de xogo para traballar cos rapaces e rapazas, contidos transversais entre diferentes áreas sen deixar de promover e fomentar a actividade física na súa vida cotiá.

Os programas están organizados polos Clubs Cataventos Escola de Vela no ámbito da Costa da Morte e Ría de Muros e Noia, o Club Náutico de Outes, e o Real Club Náutico de Portosín.